Proxecto de investigación
Estudo do etiquetado dos peixes

O etiquetado do peixe nas tendas é fundamental para facer unha pesca e un consumo responsable. Este etiquetado ten que cumprir unhas regras obrigatorias.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Necesitaremos acceso a varias peixerías.
2. Buscamos información.
   Temos que ter claro as normas de etiquetado (aparecen claramente no vídeo enlazado arriba)
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   A nosa hipótese de traballo é que se realiza un etiquetado correcto en todos os casos.
4. Realizamos un deseño de investigación.
   Imos ao mercado e a peixerías situadas fóra del e estudamos o etiquetado nun mínimo de catro delas. Analizaremos o etiquetado un mínimo de catro días diferentes e non consecutivos. Sempre analizaremos as mesmas tendas e os mesmos peixes en todas as tendas.
5. Resultados da nosa investigación. Sempre é correcto o etiquetado? Sempre é incorrecto no mesmo tipo de peixe? É máis ou menos correcto no mercado que no resto de tendas?
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.